



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa S. Roque, 2  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 881 996302  
www.. lingua.gal

galicia

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA  
POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E A LISTAXE DE  
AGARDA NOS CURSOS DE LINGUA GALEGA PREPARATORIOS DAS PROBAS PARA  
OBTEN OS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA, CELGA1, CELGA 2, CELGA 3 E  
CELGA 4.

No *Diario Oficial de Galicia* do 19 de febreiro de 2019 publicouse a Resolución do 4 de febreiro de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuito, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.

No apartado sexto da antedita Resolución indícase que a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal) unha relación das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e, logo de revisadas as mesmas,

RESOLVO:

Aprobar as listaxes provisionais das persoas seleccionadas para participar en cada curso e as listaxes de persoas en agarda.

Ordenar a súa publicación na web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

Contra esta resolución provisional poderanse presentar as alegacións que procedan no prazo de 5 días desde a súa publicación. En todo caso, as persoas que presenten alegacións enviarán un correo electrónico ao seguinte enderezo: [sxpl.probascelga@xunta.gal](mailto:sxpl.probascelga@xunta.gal), no cal deben indicar a data en que se presentou a alegación e o motivo desta.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez